



CONCELLO DE VIGO

Expte. 2133/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL Sesión do 31 de xullo de 2026

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día trinta e un de xullo de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e a xefa do Servizo de Asesoramento, Sra. García Álvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(646).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 24 de xullo de 2026. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(647).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE SEGURIDADE E VIXILANCIA NOS CENTROS MUNICIPAIS DE SERVIZOS SOCIAIS (CMSS) DA CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL. EXPTE. 293346/301.
Visto o informe xurídico de data 24/07/2026 e o informe de fiscalización do 28/07/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 23/07/2026, asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe de Área de Benestar Social e o asesor xurídico adxunto á xefatura de Benestar Social, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



I. ANTECEDENTES

I.1. Mediante Resolución do 15.04.2026 a Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación cidadá acordou incoar expediente administrativo para a contratación dos servizos de seguridade e vixilancia nos CMSS da Concellería de Política Social, encomendando a súa tramitación ós seus servizos técnicos, xurídicos e administrativos, en colaboración co Servizo de Contratación.

I.2. No expediente tramitado para o efecto consta, ademais, a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado o 14.04.2026 pola Xefa do Servizo de Benestar Social e o 15.04.2026 polo Xefe de Área de Benestar Social (trámite nº 6).
- Memoria xustificativa do contrato, asinada (versión final) o 22.07.2026 polas xefaturas de Servizo e Área de Benestar Social e a Concelleira de Política Social (trámite nº 79).
- Memoria económica, asinada (última versión) o 17.06.2026 polo Xefe de Área de Benestar Social e conformado pola Concelleira de Política Social e o concelleiro de Orzamentos e Facenda (trámite nº 49).
- Prego de Prescricións Técnicas, asinado o 15.06.2026 pola Xefa de Servizo de Benestar Social, o Xefe de Área de Benestar Social e a Concelleira de Política Social (trámite nº 38), con anexo de persoal achegado polo actual contratista (trámite nº 26).
- Declaración dos redactores do Prego técnico, asinada o 16.06.2026 polo Xefe de Área e a Xefa de Servizo de Benestar Social (trámites núms. 47 e 48).
- Documentos económicos (RC 12026000039953 e RCFUT 12026000039956), asinados polo responsable da Contabilidade municipal, de data 22.04.2026 (trámites núms. 22 e 23).
- Informe da Xefa do Servizo de Contratación do 23.07.2026 (trámite nº 82) sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por procedemento aberto dos «SERVIZOS DE SEGURIDADE E VIXILANCIA NOS CENTROS MUNICIPAIS DE SERVIZOS SOCIAIS (CMSS) DA CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL», asinado o 23.07.2026 pola Xefa do Servizo de Contratación (trámite nº 83).

II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2133/1102

- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- Plan anual de contratación do Concello de Vigo.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. INFORME

III.1. O Concello de Vigo debe garantir a seguridade tanto das persoas usuarias como dos/as traballadores/as dos “Centros Municipais de Servizos Sociais” da Concellería de Política Social (CMSS de Coia, Rivera Atienza, Teis e Casco Vello) e das súas instalacións.

III.2. No expediente administrativo nº 2926/315 tramitouse no ano 2022 a contratación dos servizos de vixilancia e seguridade de CEDRO e CMSS; contrato formalizado o 18.10.2023 coa mercantil “SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U.”, cunha vixencia de tres (3) anos e a posibilidade de dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha, con data de inicio o 01.11.2023 e vixencia inicial ata o 31.10.2026.

III.3. Non se tramitan as prórrogas previstas nese contrato por incluír este tamén a CEDRO, actualmente transferido ó SERGAS, con efectos do 01.01.2026 (Decreto 127/2025, do 29 de decembro, de traspaso á CA de Galicia dos servizos e medios persoais e materiais afectos á atención sanitaria prestada polas unidades asistenciais de atención a drogodependencias de titularidade municipal existentes no territorio da CA de Galicia, DOG n.º 252, do 31.12.2025).

III.4. En todo caso, resulta indispensable manter a continuidade dos servizos de vixilancia e seguridade nas instalacións dos CMSS da Concellería de Política Social de Coia, Rivera Atienza, Teis e Casco Vello a partir do 01 de novembro de 2026.

III.5. O presente contrato, circunscrito ós servizos de vixilancia e seguridade nos CMSS, non está incluído na planificación da contratación da Área de Benestar Social remitido para aprobación do Plan anual de contratación 2026.

III.6. O seu orzamento base de licitación ascendería, segundo os cálculos efectuados, a 335.317,68 € contemplando tres (3) anos de contrato e o gasto podería financiarse con cargo á aplicación orzamentaria n.º 2310.227.01.00 dos orzamentos municipais e a súa bolsa de vinculación.



III.7. Ó abeiro do disposto no Art. 29.4 pfo. 1º da LCSP, a duración do contrato será de tres (3) anos, con posibilidade de dúas (2) prórrogas dun (1) ano. A data prevista de inicio do novo contrato é o 01.11.2026.

III.8. O Concello de Vigo carece dos medios humanos e técnicos necesarios para a prestación directa dos servizos de seguridade e vixilancia nos CMSS, polo que resulta indispensable recorrer á súa contratación cunha empresa cualificada (Art. 116.4.f] LCSP).

III.9. De acordo co disposto no Art 116.1 da LCSP, o expediente de contratación iniciárase polo órgano de contratación. No Concello de Vigo esta competencia está delegada nos respectivos concelleiros de Área en virtude das Resolucións da Alcaldía – Presidencia de estruturación dos servizos corporativos do Concello de Vigo e delegación de competencias, xenéricas e específicas, nos/as concelleiros/as (2023-2027) e, en particular, da Resolución da Alcaldía do 25.09.2025 (BOPPO n.º 186, do 30.09.2025), de delegación de competencias na Área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá e o Acordo da XGL do 07.11.2025, Apdo. Segundo, Pto.6 (BOPPO n.º 217, do 12.11.2025). A Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación Cidadá, en Resolución do 15.04.2026, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

III.10. Constan nel, tal como esixe o Art. 116 da LCSP, a xustificación da necesidade do contrato, o Prego de Prescricións Técnicas, redactado polas Xefaturas de Servizo e Área de Benestar Social, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares redactado polo Servizo de Contratación e a demais documentación preceptiva, como así se reflicte no informe da Xefa do Servizo de Contratación do 17.06.2026, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.

III.11. Tendo en conta a súa contía (valor estimado = 461.870,08€), o procedemento proposto para esta contratación é o procedemento aberto, con tramitación ordinaria. O contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación (Art. 22 LCSP; Cláusula 10 e Apdos. 1.G, 1.H e 1.J das FEC).

III.12. O seu orzamento base de licitación ascende a 335.317,68 € (IVE a soportar pola Admón. = 58.195,63€) e o gasto podería financiarse con cargo á aplicación orzamentaria n.º 2310.227.01.00 dos orzamentos municipais e a súa bolsa de vinculación.

III.13. O Art. 116.3, último pfo., da LCSP establece tamén que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito (documentos RC 12026000039953 e RCFUT 12026000039956; trámites núms. 22 e 23) e a Intervención xeral municipal deberá fiscalizar o expediente antes da súa aprobación.

III.14. Os técnicos que subscriben declaran non estar incursos en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación. A Concelleira da Área de goberno de Política Social e Participación Cidadá e o Concelleiro da Área de goberno de Orzamentos e Facenda subscriben tamén a declaración de non estar incursos en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e no Plan de Integridade na Contratación.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2133/1102

III.15. A competencia para aprobar o expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme co previsto na Disposición adicional segunda, apdos. 4º e 11º da LCSP en relación co seu Art. 117. A resolución, segundo o Art. 117.1 da LCSP, deberá ser motivada e comprenderá a aprobación do expediente de contratación, do gasto que representa e a apertura do procedemento de adxudicación.

IV. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa de aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría xurídica do Concello (Disposición adicional oitava LRBRL e Disposición adicional terceira, Apdo. 8º LCSP) e da Intervención xeral municipal (Disposición adicional terceira, Apdo. 3º LCSP e Art. 214 TRLRFL), a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto, relativo ó «CONTRATO DE SERVIZOS DE SEGURIDADE E VIXILANCIA NOS CENTROS MUNICIPAIS DE SERVIZOS SOCIAIS (CMSS) DA CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL», que inclúe a xustificación da necesidade do contrato, as Memorias xustificativa e económica (trámites núms. 79 e 49), o Prego de Prescricións Técnicas (trámite n.º 38) con Anexo de Persoal (trámite n.º 26), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 23.07.2026 (trámite n.º 83), os documentos económicos emitidos polo Servizo de Contabilidade (trámites núms. 22 e 23) e a demais documentación esixida pola normativa de contratos do sector público.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto derivado deste contrato (335.317,68 €, IVE incl.), que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310.227.01.00 dos orzamentos municipais e a súa bolsa de vinculación, coa seguinte distribución por anualidades:

- 2026: 18.628,76 €.
- 2027: 111.772,56 €.
- 2028: 111.772,56 €.
- 2029: 93.143,80 €.

TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(648).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE TAQUILLA EN VIGONATURE. EXPTE. 13340/612.

Visto o informe de fiscalización do 23/07/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:



11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de taquilla en Vigonature (13340-612)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de taquilla en Vigonature (13340-612)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 24 de abril de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para a prestación do servizo de “taquilla en VigoNature”, expte. 13340/612.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, asinado dixitalmente polo director de Réxime Interior de VigoNature o 26/03/2026 ao que se lle incorpora un anexo.

TERCEIRO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado dixitalmente pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o 15/04/2026.

CUARTO.- Autorizar o gasto de 31.882,22 € (IVE 21% engadido) para o ano 2026; sendo o importe do gasto (IVE 21% engadido) de 56.294,90 € para o ano 2027, subordinado á existencia do crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos ao abeiro do establecido no artigo 174 do Rdl 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, con cargo á partida orzamentaria . O Importe total do contrato é de 88.177,12 € € IVE engadido (72.873,65 € importe sen IVE e 15.303,47 € importe da cota do IVE).

QUINTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite ordinario conforme ao previsto na LCSP.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 4 de xuño de 2026 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de taquilla en Vigonature (13340-612) na seguinte orde descendente:





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2133/1102

	Licitador	Puntuación total
1	SUPERNOVA ASISTENCIAS, SLU	66.200,00 €
2	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, SL	68.850,00 €
3	EULEN, SA	69.500,00 €
4	OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, SL	72.773,00 €

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SUPERNOVA ASISTENCIAS, SLU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SUPERNOVA ASISTENCIAS, SLU o 5 de xuño de 2026. Dentro do prazo concedido, a licitadora presenta declaración responsable na que expón que *"por motivos organizativos e de viabilidade interna do servizo, a empresa non pode asumir neste momento a correcta execución do contrato nas condicións ofertadas, polo que, co fin de evitar prexuízos á Administración e facilitar a continuidade da tramitación do procedemento, comunica expresamente a súa vontade de renunciar/retirar a oferta presentada antes da adxudicación do contrato"* e, polo tanto, solicita *"Que se teña por presentado este escrito e por comunicada a renuncia/retirada da oferta presentada por SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U. no expediente 13340- 612. (...) Que se continúe a tramitación do procedemento conforme ao previsto legalmente, procedendo, se así corresponde, a requirir a documentación ao seguinte licitador clasificado.(...) Que, á vista das circunstancias expostas, se teña en conta a boa fe da empresa e a comunicación expresa efectuada dentro do prazo concedido."*

Tendo en conta o anterior, a Mesa de Contratación acorda, en data 30 de xuño de 2026, por unanimidade dos/as membros presentes, entender por retirada a oferta de SUPERNOVA ASISTENCIAS, SLU e, en consecuencia, requirir ao licitador clasificado en segundo lugar, segundo resolución do segundo tenente de alcalde e concelleiro da área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía do 25.09.2025 e acordo de delegación da Xunta de Goberno local do 7.11.2025), de data 4 de xuño de 2026, ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordándolle que tal e como establece a cláusula 18/4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.

Cuarto.- A licitadora, ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, SL, presenta a documentación requirida o día 6 de xullo de 2026, dentro do prazo concedido e o día 15 do mesmo mes, fora de prazo. Con respecto a esta última documentación, presentada fora do prazo concedido, en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda da documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais), procede admitila.

Esta documentación, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da mercantil e o seu obxecto social, así como, a clasificación da mercantil.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (38.983,57 €), presentan as contas do ano 2024 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (38.983,57 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2026 supera esta cantidade.
- Autoliquidación do importe da garantía definitiva (3.442,50 €).

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TXSS e a ATRIGA.

Quinto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 23 de xullo de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e,





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2133/1102

simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en segundo lugar ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante, unha vez retirada a oferta SUPERNOVA ASISTENCIAS, SLU, é a formulada por ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, SL, de acordo co informes de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 29 de maio de 2026.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de taquilla en Vigonature (13340-612) por un prezo total do contrato de 83.308,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 14.458,50 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(649).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO SANITARIO DE AMBULANCIAS ASISTENCIAIS DURANTE AS CAMPAÑAS DO NADAL 2026-2027 E 2027-2028. EXPTE 11688/106.

Visto o informe de fiscalización do 23/07/2026, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación



b) Procedemento aberto para a contratación do servizo sanitario de ambulancias asistenciais durante as campañas do Nadal 2026-2027 e 2027-2028 (11688-106)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo sanitario de ambulancias asistenciais durante as campañas do Nadal 2026-2027 e 2027-2028 (11688-106)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 29 de decembro de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratar por procedemento aberto o servizo sanitario de ambulancias asistenciais durante as Campañas do Nadal 2026-2027 e 2027-2028 cun orzamento base de licitación sen IVE (porque está excluído de acordo co artigo 20.1.15º da Lei 37/1992 do Imposto sobre o Valor Engadido) de CENTO SESENTA E SETE MIL SEISCENTOS TRES EUROS E UN CÉNTIMOS (167.603,02 €), segundo a seguinte distribución de anualidades:

Anualidade	Importe
2026	69.928,85 €
2027	84.424,74 €
2028	13.249,43 €
TOTAL	167.603,02 €

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo xefe do Servizo de Comercio con data 27.03.2026, así como aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por este procedemento, asinado pola técnica de Administración Xeral e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 23.04.2026.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por importe de 69.928,85 € con cargo a aplicación orzamentaria 4310.2279901 “PROGRAMA DE DECORACIÓN Y ANIMACIÓN NADAL” e asumir o compromiso de dotar nos orzamentos iniciais dos exercicios 2027 e 2028, na aplicación orzamentaria 4310.2279901 “PROGRAMA DE DECORACIÓN Y ANIMACIÓN NADAL”, créditos por importe de 84.424,74 € e 13.249,43 €, respectivamente.

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2133/1102

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), o 9 de xullo de 2026 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo sanitario de ambulancias asistenciais durante as campañas do Nadal 2026-2027 e 2027-2028 (11688-106) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	AMBULANCIAS BANDE, SL	100,00
2	AMBULANCIAS DO NORDES, SL	91,00
2	AMBULANCIAS RIAS BAIXAS, SL	91,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AMBULANCIAS BANDE, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 18.3.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, AMBULANCIAS BANDE, SL 9 de xullo de 2026, que presenta a documentación requirida o 16 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Esta documentación, xunto coa que figura no expediente, consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da mercantil xunto coa clasificación da mercantil e o certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura, ademais da constitución da mercantil, o seu obxecto social, o apoderamento do seu representante e os certificados positivos de débedas da AEAT, a TXSS e a ATRIGA .
- Escritura de apoderamento do seu representante.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (R-2-2) presentan a clasificación R-2-4.
- Autoliquidación do importe da garantía definitiva (8.380,15 €).



Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo e da AEAT.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 23 de xullo de 2026 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AMBULANCIAS BANDE, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AMBULANCIAS BANDE, SL, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 2 de xullo de 2026.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a AMBULANCIAS BANDE, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo sanitario de ambulancias asistenciais durante as campañas do Nadal 2026-2027 e 2027-2028 (11688-106) por un prezo total do contrato de 167.603,02 euros (IVE exento) e coas seguintes condicións:

- a) A porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3.I) do Anexo I (FEC) é do PCAP do 9,5 %.*
- b) Mellora do equipamento de persoal sanitario co que conta a ambulancia soporte vital básico (SVB) mediante a achega dun (1) médico/a en posesión do título universitario de Grao en Medicina ou título de Grao que habilite para o exercicio*





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2133/1102

da profesión regulada de médico, ou título equivalente homologado ou recoñecido durante os días de alta afluencia.

- c) *Substitución nos días de acendido e apagado dunha das ambulancias SVB Tipo B deseñada e equipada para o transporte, tratamento básico e motorización de pacientes, por unha ambulancia tipo SVA Tipo C deseñada e equipada para o transporte, tratamento avanzado e motorización de pacientes.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(650).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ELEMENTOS DE TRANSPORTE VERTICAL. EXPTE 52694/444.

Visto o informe de fiscalización do 28/07/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 17/07/2026, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno e pola letrada-titular da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (LHL)
- Real decreto 424/2017, do 28 de abril polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical do concello de Vigo (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical do concello de Vigo (PPT)



ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 1 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical do Concello de Vigo (expediente nº 52.694-444), autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Segundo.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 1 de setembro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L. (B-46.001.897) o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical do Concello de Vigo (52.694-444) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 419.135,29 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 72.742,49 euros:*
 - Escaleiras mecánicas: 63.228,00 euros*
 - Ramplas mecánicas: 176.372,00 euros*
 - Ascensores urbanos: 106.792,80 euros*
- b) *Propón as seguintes porcentaxe de desconto (%) a aplicar aos prezos unitarios sinalados no apartado 3.G das FEC do PCAP:*

RAMPLAS	€/MES SEN IVE	% BAIXA OFERTADA	€/MES OFERTADO SEN IVE
Aparatos de menos de 7 metros	350	65,00 %	122,50 €
Aparatos de 7 a 12 metros	400		140,00 €
Aparatos de 13 a 17 metros	450		157,50 €
Aparatos de 18 a 25 metros	550		192,50 €
Aparatos de 26 a 35 metros	700		245,00 €
Aparatos de 36 a 45 metros	850		297,50 €
Aparatos de 46 a 65 metros	1100		385,00 €
ESCALEIRAS	€/MES SEN IVE	% BAIXA OFERTADA	€/MES OFERTADO SEN IVE
Aparatos de menos de 7 metros	350	65,00 %	122,50 €
Aparatos de 7 a 12 metros	400		140,00 €
Aparatos de 13 a 17 metros	450		157,50 €
Aparatos de 18 a 25 metros	550		192,50 €





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2133/1102

metros			
Aparatos de 26 a 35 metros	700		245,00 €
Aparatos de 36 a 45 metros	850		297,50 €
Aparatos de 46 a 65 metros	1100		385,00 €
ASCENSORES	€/MES SEN IVE	% BAIXA OFERTADA	€/MES OFERTADO SEN IVE
Inclinado	1800		630,00 €
Vertical <= 10 metros	300		105,00 €
Vertical de 11 metros a 20 metros	400	65,00 %	140,00 €
Vertical de 21 metros a 30 metros	500		175,00 €
Vertical de 31 metros a 50 metros	650		227,50 €

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Terceiro.- O contrato formalizouse o día 26 de setembro de 2023 e a súa execución comezou o 1 de outubro de 2023, por un prazo de 2 anos, prevéndose dúas prórrogas de 1 ano de duración cada unha (apartados 4.A e 4.C da FEC do PCAP).

Cuarto.- Para responder do cumprimento deste contrato TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L., constituíu garantía definitiva mediante aval bancario por importe de 17.319,64 euros e co número de operación 2 02300158434 de conformidade coa certificación da Tesourería municipal de data 21 de agosto de 2023.

Quinto.- Este contrato foi obxecto dunha prórroga acordada pola XGL o 12 de setembro de 2025, polo período comprendido entre o 1 de outubro de 2025 e o 30 de setembro de 2026, ambos os dous incluídos.

Sexto.- O 7 de xullo de 2026 o Xefe da Unidade técnica de implantación de servizos na vía pública, a xefa do Servizo de Electromecánicos e o Xefe de Área de Servizos Xerais, coa conformidade do 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, solicitan o inicio dun expediente de modificación deste contrato “co obxecto de incluír o mantemento integral das novas ramplas mecánicas da rúa Pintor Luguís, rúa Pintor Colmeiro e Paseo de Granada”.

Sétimo.- Con data 14 de xullo de 2026 a concelleira delegada de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato. Esta resolución foi notificada ao contratista ao día seguinte.



Oitavo.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto/fora do prazo, este manifestou a súa conformidade coa modificación proposta en escrito de data 15 de xullo de 2026.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Réxime xurídico aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

Da potestade de modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2133/1102

cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- a) A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- b) No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- c) A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- d) Limite máximo do 20% do prezo inicial.
- e) A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

En canto ás modificacións non previstas no PCAP, o artigo 205 da LCSP establece que só poderán realizarse cando a modificación cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que atope a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no apartado segundo do citado artigo 205.
- b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

Pola súa parte, o apartado 2 do mesmo artigo indica que os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra todos os requisitos recollidos no mesmo artigo, son os seguintes:

- a) Prestacións adicionais.

Cando devíñera necesario engadir obras, subministros ou servizos adicionais aos inicialmente contratados, sempre e cando se dean os seguintes dous requisitos:

- 1) Que o cambio de contratista non fose posible por razóns de tipo económico ou técnico, por exemplo que obrigase ao órgano de contratación a adquirir obras, servizos ou subministracións con características técnicas diferentes aos inicialmente contratados, cando estas diferenzas dean lugar a incompatibilidades ou a dificultades técnicas de uso ou de mantemento que resulten desproporcionadas; e, así mesmo, que o cambio de contratista xerese inconvenientes significativos ou un aumento substancial de custos para o órgano de contratación. En ningún caso considerárase un inconveniente significativo a necesidade de celebrar unha nova licitación para permitir o cambio de contratista.
- 2) Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

- b) Circunstancias imprevisibles

Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes:

- 1) Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever.



- 2) Que a modificación non altere a natureza global do contrato.
- 3) Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído.

c) **Modificacións non substanciais**

Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a súa necesidade, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

As modificacións non previstas acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para o contratista cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non exceda do 20% do prezo inicial do contrato, IVE excluído (artigo 26 da LCSP).

-III-

Da modificación do contrato do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical

O contrato que se pretende modificar é un contrato de servizos (cláusula 2 do PCAP), que ten por obxecto o mantemento e conservación dos elementos de transporte vertical do Concello de Vigo para o seu correcto funcionamento en condicións de seguridade, consonte á normativa aplicable (apartado 2.A da FEC do PCAP).

A modificación é solicitada polo Xefe da Unidade técnica de implantación de servizos na vía pública, a xefa do Servizo de Electromecánicos e o Xefe de Área de Servizos Xerais, coa conformidade do 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes en informe de 7 de xullo de 2026. Do referido informe despréndese que estamos ante unha modificación prevista no PCAP.

Comezaremos por analizar a **concorrenia dos requisitos esixidos para o exercicio do ius variandi**:

1. Que concorra unha razón de interese público.
2. Que se modifique na forma prevista legalmente: ou ben cumprindo os requisitos do artigo 204 ou do 205, segundo se trate dunha modificación prevista no prego ou non.
3. O procedemento será o regulado no artigo 191 da LCSP, coas particularidades previstas no artigo 207 da LCSP, e no seu caso as recollidas no prego que rexe o contrato.

1.- A concorrenia dunha razón de interese público

A modificación obedece a unha razón de interese público: garantir, durante a vida útil dos elementos mecánicos de transporte vertical, o seu mantemento en óptimas condicións de funcionamento e seguridade consonte coa normativa aplicable, de cara a evitar ou reducir as avarías ou fallos que provoquen a interrupción do servizo ou dificulten a súa operatividade, en base ás competencias propias previstas no artigo 25.2.d da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local *“Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade”*. Tal e como indica o servizo xestor no seu informe é necesario incluír neste contrato o mantemento das novas ramplas mecánicas da rúa Pintor Luguís, da rúa Pintor Colmeiro e do Paseo de Granada.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2133/1102

2.- Que se modifique na forma prevista legalmente e nos pregos

Dado que a modificación está prevista no PCAP é preciso que se cumpran tanto os requisitos previstos no artigo 204, como os previstos no prego (artigo 207.1 LCSP).

O prego prevé a modificación do contrato na cláusula 35 e a regra no apartado 15 das follas de especificacións do contrato (FEC) do PCAP:

- A) ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO:** si
- B) ASPECTOS A MODIFICAR:** o importe do contrato polo incremento o diminución do número de unidades de elementos verticais de transporte
- C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:**
 - A entrada en funcionamento dun novo elemento vertical de transporte con posterioridade o inicio da execución deste contrato.
 - A supresión de elementos verticais de transporte incluído no obxecto deste contrato.
- D) LÍMITES DA MODIFICACIÓN:** 20% do prezo do contrato
- E) ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDIMENTO DE MODIFICACIÓN:** para o cálculo da modificación utilizaranse os prezos unitarios previstos no apartado 3.G, aos que se aplicará a redución ofertada polo licitador

2.1.- Circunstancias que motivan a modificación

A modificación vén motivada pola necesidade de incorporar no contrato o mantemento das ramplas mecánicas da rúa Pintor Lugo, da rúa Pintor Colmeiro e do Paseo de Granada, que tería encaixe no apartado 15.C da FEC do PCAP.

Informa ao respecto o servizo xestor que:

“según dilixencia da dirección facultativa da obra de “Humanización da rúa Pintor Lugo, entre a rúa Álvaro Cunqueiro e a rúa López Mora” exp. 6688-443, foi recibida o 21 de maio de 2026, dentro da mesma executáronse dúas ramplas mecánicas de 39 m de lonxitude cada unha.

Ademais, segundo dilixencia da dirección facultativa da obra de implantación de ramplas mecánicas na rúa do Pintor Colmeiro entre a rúa de Álvaro Cunqueiro e a rúa Tarragona, exp. 6738-443, na cal executáronse catro ramplas de lonxitudes 25 m, 14 m, 17 m e 17 m, ten previsión de recibirse o 1 de agosto de 2026.

Igualmente, segundo informa a dirección facultativa da obra de implantación de medios mecánicos de transporte peonil no Paseo Granada, exp. 6727-443, na que executáronse catro ramplas de lonxitudes 18 m, 28 m, 38 m e 36 m, ten previsión de recibirse o 1 de agosto de 2026.

Estímase que todos estes elementos, non contemplados no actual contrato, deben incluírse no contrato de mantemento integral dos elementos de transporte vertical do Concello de Vigo a partir do 1 de agosto de 2026”.

2.2.- Aspectos a modificar

O único aspecto do contrato que se pretende modificar é o incremento dos elementos en mantemento, pola entrada en funcionamento de tres elementos verticais de transporte con posterioridade ao inicio de execución deste contrato (apartado 15.B da FEC).

Informa ao respecto o citado informe técnico:



“Considerando que os prezos contemplados no Prego de Prescricións Técnicas Particulares por elementos mecánicos similares, e a oferta presentada pola empresa adxudicataria a aplicar aos prezos unitarios indicados no apartado 3.G das FEC, que se corresponde cun desconto sobre os prezos unitarios do 65 %, e que o período da modificación comprenderá ata a data fin da primeira prórroga aprobada do contrato, estimada para o 30 de setembro de 2026, valórase a modificación, con cargo a aplicación orzamentaria 1532.227.99.00, a nivel de bolsa de vinculación, en:

PINTOR LUGRIS						
ELEMENTO	LONGITUD M	PRECIO €/MES SIN IVA	TOTAL MENSUAL	MESES A MANTENER	TOTAL SIN IVA €	TOTAL CON IVA €
RAMPA 1	39	297,5	595	2	1.190,00	1.439,90
RAMPA 2	39	297,5				

PINTOR COLMEIRO						
ELEMENTO	LONGITUD M	PRECIO €/MES SIN IVA	TOTAL MENSUAL	MESES A MANTENER	TOTAL SIN IVA €	TOTAL CON IVA €
RAMPA 1	28	245	787,5	2	1.575,00	1.905,75
RAMPA 2	17	157,5				
RAMPA 3	20	192,5				
RAMPA 4	20	192,5				

PASEO DE GRANADA						
ELEMENTO	LONGITUD M	PRECIO €/MES SIN IVA	TOTAL MENSUAL	MESES A MANTENER	TOTAL SIN IVA €	TOTAL CON IVA €
RAMPA 1	18	192,5	1032,5	2	2.065,00	2.498,65
RAMPA 2	28	245				
RAMPA 3	38	297,5				
RAMPA 4	36	297,5				

TOTAL MODIFICACIÓN CON IVA	5.844,30 €
% MODIFICACIÓN	1,39%

PREZO DO CONTRATO ADXUDICADO	419.135,29 €
PREZO DO CONTRATO TRAS A MODIFICACIÓN	424.979,59 €

Sendo o valor total da modificación 5.844,30 € (IVE engadido) polo que a modificación supón un 1,39 % do prezo do contrato adxudicado, quedando o prezo do contrato tras a modificación en 424.979,59 €.

En caso de comezar os mantementos nunha data posterior a estimada calcularanse os días efectivos de prestación do servizo.”.

2.3.- Límites da modificación

O apartado 15.D das FEC, en consonancia co artigo 204 da LCSP, determina como límite da modificación o 20% do prezo do contrato. A modificación prevista implica un incremento do prezo de 5.844,30 euros, que representa o 1,39 % do mesmo, polo que está dentro deste límite.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2133/1102

-IV-

Procedemento de modificación do contrato

Para a modificación do contrato deberá utilizarse o procedemento previsto no artigo 191 da LCSP para o exercicio das potestades da Administración, coas especialidades previstas no artigo 207 da LCSP, e no seu caso, as previstas no prego, se se trata de modificacións previstas (artigo 207.1 LCSP). Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais e os trámites previstos no artigo 102 do RLCAP.

Á vista da normativa citada resultan trámites preceptivos:

- 1) Previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP).

Evacuado trámite de audiencia ao contratista, este manifestou a súa conformidade coa modificación proposta en escrito de 15 de xullo de 2026.

- 2) Informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva no caso de modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).

Neste caso non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia porque o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros (623.150 euros), e se trata dunha modificación prevista no PCAP.

- 3) Informe da Asesoría Xurídica (disposición adicional 3ª da LCSP).
- 4) Fiscalización do gasto correspondente pola Intervención Xeral (disposición adicional 3ª da LCSP e artigos 214 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 16 do Real decreto 424/2017).
- 5) Aprobación polo órgano de contratación (artigo 102 RLCAP).
- 6) Formalización da modificación conforme ao disposto no artigo 153 da LCSP.
- 7) Publicación.

Cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 207.3 da LCSP).

Se o contrato está suxeito a regulación harmonizada, fóra dos contratos de servizos e de concesión de servizos enumerados no anexo IV, nos casos previstos nas letras a) e b) do apartado 2 do artigo 205 deberá publicarse anuncio de modificación no «Diario Oficial da Unión Europea».



- 8) Comunicación ao Consello de Contas se o importe de adxudicación supera os 150.000 euros (artigo 335.2 LCSP).

Neste caso resulta necesario.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista (artigo 203.3 LCSP).

-V-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. Tendo en conta que o apartado 9.C do PCAP establece que a garantía esixida será do “5% do importe de adxudicación IVE excluído”, o licitador deberá incrementar a garantía depositada en 241,50 euros.

-VI-

Recursos

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, segundo o previsto nos artigos 8, 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP (“As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación”).

No caso de que se impugne por calquera motivo distinto ao mencionado, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo un mes, computado de acordo co establecido no apartado 1 da disposición adicional décimo quinta da LCSP, ante o mesmo órgano que o ditou.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non se resolva expresamente o recurso especial en materia de contratación, ou sexa resolto expresamente ou se entenda desestimado por silencio administrativo o recurso de reposición, no seu caso (artigo 123.2 da LPA).





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2133/1102

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

A competencia para o inicio do procedemento de modificación está delegada na concelleira de Área de Goberno de Contratación, segundo acordo de data 7 de novembro de 2025.

-VIII-

Proposta de acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Modificar o contrato do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical (nº expediente 52694-444), adxudicado a ITK ELEVADORES ESPAÑA, S.L., por acordo deste órgano do 1 de setembro de 2023, segundo o solicitado polo Xefe da Unidade técnica de implantación de servizos na vía pública, a xefa do Servizo de Electromecánicos e o Xefe de Área de Servizos Xerais, coa conformidade do 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes no informe de 7 de xullo de 2026.

2º.- A modificación consiste na incorporación ao contrato das ramplas mecánicas da rúa Pintor Lugrís, da rúa Pintor Colmeiro e do Paseo de Granada, que implica un incremento do prezo do contrato en 5.844,30 euros (IVE incluído), que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 1532.227.99.00, imputándose á anualidade 2026.

Esta modificación representa un 1,39% do prezo do contrato.

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.

4º.- Notificar este acordo ao interesado, informándolle que contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da



Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP ("As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación").

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non se resolva expresamente o recurso especial en materia de contratación, ou sexa resolto expresamente ou se entenda desestimado por silencio administrativo o recurso de reposición, no seu caso (artigo 123.2 da LPA).

5º.- *Publicar no perfil de contratante e no portal de transparencia.*

6º.- *Comunicar ao Consello de Contas."*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(651).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA SOPORTE DOS ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES DO PROGRAMA "VIGO EN FESTAS". EXPTE. 10068/335.

Visto o informe de fiscalización do 28/07/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 27/07/2026, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno e pola letrada-titular da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (LHL)
- Real decreto 424/2017, do 28 de abril polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2133/1102

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de produción técnica do programa “Vigo en Festas” (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de produción técnica do programa “Vigo en Festas” (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 5 de abril de 2024 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación do servizo de produción técnica do programa “Vigo en Festas” (expediente nº 10068-335), autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Segundo.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 24 de maio de 2024, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a FLUGE GALICIA, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas” (10068-335) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 866.366,34 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 150.361,10 euros.*
- b) Porcentaxe de desconto a aplicar á parte fixa do contrato do 6 %.*
- c) Porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP do 6 %.*
- d) Incremento dun vixilante uniformado a maiores do esixido na cláusula 6 do PPTP para a realización de tarefas de vixilancia nos eventos das tipoloxías II e III.*
- e) Incremento de catro caixas de son do Delay.*
- f) Incremento do equipo de iluminación en 10 unidades de focos PAR LED e en 6 unidades de cabezas móbiles híbridas.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Terceiro.- O contrato formalizouse o día 20 de xuño de 2024 e a execución do contrato iniciouse o 1 de xullo de 2024, por un prazo de un ano, estando previstas catro prórrogas dun ano de duración cada unha.

Cuarto.- Para responder do cumprimento deste contrato FLUGE GALICIA, S.L., constituíu garantía definitiva mediante retención no prezo do contrato por importe de 35.800,26 euros.

Quinto.- Este contrato foi obxecto de dúas prórrogas:



- 1) A primeira acordada pola XGL o 11 de abril de 2025, polo período comprendido entre o 1 de xullo de 2025 e o 30 de xuño de 2026, ambos os dous incluídos.
- 2) A segunda acordada pola XGL o 6 de marzo de 2026, polo período comprendido entre o 1 de xullo de 2026 e o 30 de xuño de 2027, ambos os dous incluídos.

Sexto.- SACAFERRO, SL., como responsable do contrato (apartado 1.C da FEC do PCAP) achega escrito no Rexistro Xeral en data 15 de xuño de 2026 (documento nº 260148607) solicitando realizar a modificación do contrato de referencia para ampliar os días de produción en Castrelos como consecuencia da programación aprobada para o verán 2026.

Sétimo.- A técnica media de actividades culturais e educativas, coa conformidade da xefa do Servizo de Festas, e da concelleira de Área de Goberno de Contratación, solicitan o inicio dun expediente de modificación deste contrato en informe de data 15 de xuño de 2026.

Oitavo.- Con data 6 de xullo de 2026 a concelleira delegada de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato. Esta resolución foi notificada ao contratista o mesmo día.

Noveno.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto/fora do prazo, este manifestou a súa conformidade coa modificación proposta en escrito con data de entrada no rexistro xeral de 9 de xullo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Réxime xurídico aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

Da potestade de modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2133/1102

114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- a) A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- b) No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- c) A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- d) Limite máximo do 20% do prezo inicial.
- e) A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

En canto ás modificacións non previstas no PCAP, o artigo 205 da LCSP establece que só poderán realizarse cando a modificación cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que atope a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no apartado segundo do citado artigo 205.
- b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

Pola súa parte, o apartado 2 do mesmo artigo indica que os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra todos os requisitos recollidos no mesmo artigo, son os seguintes:

- a) Prestacións adicionais.

Cando devíñera necesario engadir obras, subministros ou servizos adicionais aos inicialmente contratados, sempre e cando se dean os seguintes dous requisitos:

- 1) Que o cambio de contratista non fose posible por razóns de tipo económico ou técnico, por exemplo que obrigase ao órgano de contratación a adquirir obras, servizos ou subministracións con características técnicas diferentes aos inicialmente contratados, cando estas diferenzas dean lugar a incompatibilidades



ou a dificultades técnicas de uso ou de mantemento que resulten desproporcionadas; e, así mesmo, que o cambio de contratista xerase inconvenientes significativos ou un aumento substancial de custos para o órgano de contratación. En ningún caso considerárase un inconveniente significativo a necesidade de celebrar unha nova licitación para permitir o cambio de contratista.

- 2) Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

b) Circunstancias imprevisibles

Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes:

- 1) Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever.
- 2) Que a modificación non altere a natureza global do contrato.
- 3) Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído.

c) Modificacións non substanciais

Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a súa necesidade, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

As modificacións non previstas acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para o contratista cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non exceda do 20% do prezo inicial do contrato, IVE excluído (artigo 26 da LCSP).

-III-

Da modificación do contrato do servizo de produción técnica do programa “Vigo en Festas”

O contrato que se pretende modificar é un contrato de servizos que ten por obxecto a produción técnica soporte de espectáculos realizados pola Concellería de Festas no Auditorio de Castrelos e outras localizacións dentro da súa programación anual. Dentro deste contrato distínguese:

- Unha parte fixa, representada polos custos fixos relacionados coas infraestruturas necesarias, o persoal de montaxe e desmontaxe, control de chaveiro e vixilancia do Auditorio de Castrelos, calculados para un período de 45 días naturais.
- Unha parte variable, representada polos gastos de produción derivados da celebración de eventos de cada unha das seguintes tipoloxías:
 1. TIPOLOXÍA I. Servizo de produción técnica de espectáculos no Auditorio de Castrelos sen cadeiras.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2133/1102

2. TIPOLOXÍA II. Servizo de produción técnica de espectáculos no Auditorio de Castrelos con cadeiras.
3. TIPOLOXÍA III. Servizo de produción técnica de espectáculos no Auditorio de Castrelos público infantil.
4. TIPOLOXÍA IV. Servizo de produción técnica en diferentes localizacións con aforo ata 3.000 persoas
5. TIPOLOXÍA V. Servizo de produción técnica en diferentes localizacións con aforo ata 500 persoas con carpa
6. TIPOLOXÍA VI. Servizo de produción técnica en diferentes localizacións con aforo ata 500 persoas sen carpa ((apartado 2.A da FEC do PCAP)

A modificación é proposta primeiro polo responsable do contrato, e solicitada pola técnica media de actividades culturais e educativas, coa conformidade da xefa do Servizo de Festas, e da concelleira de Área de Goberno de Contratación en informe de 15 de xuño de 2026. Do referido informe despréndese que estamos ante unha modificación prevista no PCAP.

Comezaremos por analizar a **concorrenza dos requisitos esixidos para o exercicio do ius variandi**:

1. Que concorra unha razón de interese público.
2. Que se modifique na forma prevista legalmente: ou ben cumprindo os requisitos do artigo 204 ou do 205, segundo se trate dunha modificación prevista no prego ou non.
3. O procedemento será o regulado no artigo 191 da LCSP, coas particularidades previstas no artigo 207 da LCSP, e no seu caso as recollidas no prego que rexe o contrato.

1.- A concorrenza dunha razón de interese público

O Servizo de Festas xestiona o programa anual de concertos na cidade de Vigo, moitos dos cales se celebran no Auditorio ao aire libre de Castrelos. Para a realización dos mesmos é precisa a contratación do servizo de produción técnica de lle de soporte. Tal e como indica o servizo xestor no seu informe *“esta programación municipal depende da dispoñibilidade dos artistas, das súas xiras e das propostas existentes en cada momento, factores alleos á vontade desta entidade que condicionan directamente o período no que se desenvolverán as actuacións (...)”*.

Para fixar a programación realízase unha convocatoria pública, que para o ano 2026 publicouse no perfil de contratante aloxado na plataforma de contratos do sector público o 17 de outubro de 2025. A concelleira delegada, tras seleccionar entre as propostas presentadas, aprobou a programación de espectáculos a desenvolver no auditorio de Castrelos no verán 2026, mediante resolucións de datas 10 de marzo, 20 de marzo, 14 de abril, 8 de maio, 20 de maio e 25 de maio (expediente 10551-335).

Da mesma resultan 15 espectáculos, celebrándose o primeiro deles o 2 de xullo e o derradeiro o 16 de agosto. Polo tanto, a programación se desenvolve nun período de 46 días, aos que hai que engadir os días de montaxe (5) e desmonte (5), polo que se precisa un período de produción de 56 días. No entanto, a cláusula 4.1 do PPT, ao regular os espectáculos no Auditorio de Castrelos fixa un período de 45 días, se ben xa determina que é orientativo e susceptible de cambios en función do programa anual de concertos, prevendo que poida ser aumentado ou reducido. O incremento de ata 5 días máis non terá custe para o Concello, máis a partir do sexto, é preciso modificar o contrato. En consecuencia, tal e como propón o responsable do contrato, é preciso modificar o contrato e incrementar o período de



producción en 6 días para poder celebrar os espectáculos comprendidos na programación de verán 2026 a celebrar no auditorio de Castrelos.

2.- Que se modifique na forma prevista legalmente e nos pregos

Dado que a modificación está prevista no PCAP é preciso que se cumpran tanto os requisitos previstos no artigo 204, como os previstos no prego (artigo 207.1 LCSP).

O prego prevé a modificación do contrato e a regula no apartado 15 das follas de especificacións do contrato (FEC) do PCAP:

A) ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO: si

B) ASPECTOS A MODIFICAR: o incremento do orzamento base de licitación

C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:

- Que a programación das festas requira incrementar o número de días que inclúe a parte fixa do contrato (45 días naturais).
- Que a programación das festas inclúa un número máis elevado de espectáculos o das diferentes tipoloxías que a previsión utilizada para calcular o importe da parte variable e sexa necesario incrementar esta.

D) LÍMITES DA MODIFICACIÓN: 20% do orzamento base de licitación

E) ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDIMENTO DE MODIFICACIÓN: a modificación se acordará exclusivamente para a anualidade en curso

Con relación á parte fixa hai que ter en conta que o calendario de espectáculos/concertos, que se desenvolverá entre os meses de xullo e agosto, é orientativo. Pode ser susceptible de cambios en función do peche do programa Vigo en Festas, ou de posibles cambios de datas de actuación por parte dos artistas. Este calendario pode ser aumentado ou reducido.

- O incremento de ata 5 días máis non terá custe para o Concello. A partir do sexto día de incremento, o Concello deberá aboar ao contratista o importe resultante de dividir o importe da parte fixa co desconto ofertado polo contratista entre 45, e multiplicado polo número de días que se incrementen a partir de 5. Este incremento de días do prazo de execución non se considerará modificación do contrato, agás que o incremento supere máis do 10% da parte fixa do contrato.
- A redución de ata 5 días non terá repercusión no custe da parte fixa do contrato. A partir do sexto día de redución descontarase do prezo da parte fixa do contrato (cláusula 6.1.1 deste PPT) e o importe relativo ao alugamento dos equipos e os salarios do plantón (cláusula 6.1.3 deste PPT) previstos na memoria económica do contrato. Esta redución de días do prazo de execución non se considerará modificación do contrato, agás que redución supere máis do 10% da parte fixa do contrato.

Con relación á parte variable, de incrementarse o número de espectáculos ou variasen os previstos de cada tipoloxía, para calcular o prezo da modificación utilizaranse os prezos de cada tipoloxía.

2.1.- Circunstancias que motivan a modificación

A modificación vén motivada pola necesidade de incrementar en 6 días o número de días da parte fixa do contrato, que tería encaixe no apartado 15.C da FEC do PCAP . A parte fixa ven representada polos custes fixos relacionados coas infraestruturas necesarias, o persoal de montaxe e desmonte, control de chaveiro e vixilancia (cláusula 2 do PPT).





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2133/1102

2.2.- Aspectos a modificar

O único aspecto do contrato que se pretende modificar é o incremento do orzamento base de licitación (apartado 15.B da FEC) para cubrir o custe que representa o incremento de 6 días de produción.

Hai que ter en conta que o prego recolle como especialidades do procedemento de modificación, aplicables ao suposto que nos ocupa, as seguintes (apartado 15.E da FEC):

1. Se acordará exclusivamente para a anualidade en curso
2. O incremento de ata 5 días máis non terá custe para o Concello. A partir do sexto día de incremento, o Concello deberá aboar ao contratista o importe resultante de dividir o importe da parte fixa co desconto ofertado polo contratista entre 45, e multiplicado polo número de días que se incrementen a partir de 5. Este incremento de días do prazo de execución non se considerará modificación do contrato, agás que o incremento supere máis do 10% da parte fixa do contrato.

Informa ao respecto o responsable do contrato:

“Tendo en conta que superamos en 6 días o total da previsión de utilización do Auditorio de Castrelos e os seguintes datos:

Orzamento ano 2026 de xullo a decembro	876.802,22
Parte fixa do contrato	212.841,46
Custe do pago extra por día	4,729,81
Custe total dos 6 días	28.378,86

Ao superar este último importe o 10 % de da parte fixa do contrato, e non ser superior o 20% do total do contrato procede realizar a modificación do mesmo como está estipulado no PPT e de acordo co artigo 15 das FEC”.

Esta modificación implica o incremento do prezo do contrato en 28.378,86 euros.

Este incremento aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 3380/2260906 “Festas de Vigo”, imputándose á anualidade 2026.

2.3.- Límites da modificación

O apartado 15.D das FEC, en consonancia co artigo 204 da LCSP, determina como límite da modificación o 20% do prezo do contrato. A modificación prevista implica un incremento do prezo de 28.378,86 euros, que representa o 3,24% do mesmo, polo que está dentro deste límite.



-IV-**Procedemento de modificación do contrato**

Para a modificación do contrato deberá utilizarse o procedemento previsto no artigo 191 da LCSP para o exercicio das potestades da Administración, coas especialidades previstas no artigo 207 da LCSP, e no seu caso, as previstas no prego, se se trata de modificacións previstas (artigo 207.1 LCSP). Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais e os trámites previstos no artigo 102 do RLCAP.

Á vista da normativa citada resultan trámites preceptivos:

- 1) Previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP).
Evacuado trámite de audiencia ao contratista, este manifestou a súa conformidade coa modificación proposta en escrito de 9 de xullo de 2026.
- 2) Informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva no caso de modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
Neste caso non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia porque o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros (866.366,34 euros), e se trata dunha modificación prevista no PCAP.
- 3) Informe da Asesoría Xurídica (disposición adicional 3ª da LCSP) .
- 4) Fiscalización do gasto correspondente pola Intervención Xeral (disposición adicional 3ª da LCSP e artigos 214 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 16 do Real decreto 424/2017).
- 5) Aprobación polo órgano de contratación (artigo 102 RLCAP).
- 6) Formalización da modificación conforme ao disposto no artigo 153 da LCSP.
- 7) Publicación.

Cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 207.3 da LCSP).

Se o contrato está suxeito a regulación harmonizada, fóra dos contratos de servizos e de concesión de servizos enumerados no anexo IV, nos casos previstos nas letras a) e b) do apartado 2 do artigo 205 deberá publicarse anuncio de modificación no «Diario Oficial da Unión Europea».





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2133/1102

- 8) Comunicación ao Consello de Contas se o importe de adxudicación supera os 150.000 euros (artigo 335.2 LCSP).

Neste caso resulta necesario.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista (artigo 203.3 LCSP).

-V-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. Tendo en conta que o apartado 9.C do PCAP establece que a garantía esixida será do “5% do orzamento base de licitación sen IVE”, o licitador deberá incrementar a garantía depositada en 1.172,68 euros.

-VI-

Recursos

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, segundo o previsto nos artigos 8, 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP (“As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación”).

No caso de que se impugne por calquera motivo distinto ao mencionado, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo un mes, computado de acordo co establecido no apartado 1 da disposición adicional décimo quinta da LCSP, ante o mesmo órgano que o ditou.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non se resolva expresamente o recurso especial en materia de contratación, ou sexa resolto expresamente ou



se entenda desestimado por silencio administrativo o recurso de reposición, no seu caso (artigo 123.2 da LPA).

-VII- Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

A competencia para o inicio do procedemento de modificación está delegada na concelleira de Área de Goberno de Contratación, segundo acordo de data 7 de novembro de 2025.

-VIII- Proposta de acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Modificar o contrato de produción técnica do programa “Vigo en Festas” (nº expediente 10068-335), adxudicado a FLUGE GALICIA, S.L., por acordo deste órgano do 24 de maio de 2024, técnica media de actividades culturais e educativas, coa conformidade da xefa do Servizo de Festas, e da concelleira de Área de Goberno de Contratación no informe de 15 de xuño de 2026.

2º.- A modificación consiste no incremento en 6 días da produción no auditorio de Castrelos, que implica un incremento do prezo do contrato en 28.378,86 euros (IVE incluído), que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 3380/2260906, imputándose á anualidade 2026.

Esta modificación representa un 3,24% do prezo do contrato.

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.

4º.- Notificar este acordo ao interesado, informándolle que contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2133/1102

do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP ("As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación").

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non se resolva expresamente o recurso especial en materia de contratación, ou sexa resolto expresamente ou se entenda desestimado por silencio administrativo o recurso de reposición, no seu caso (artigo 123.2 da LPA).

5º.- Publicar no perfil de contratante e no portal de transparencia.

6º.- Comunicar ao Consello de Contas."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(652).- ADHESIÓN AO 5º CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ASINADO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DO PRODUTOR (SRAP) DE ENVASES DOMÉSTICOS DE VIDRO DE UN SO USO. EXPTE. 9131/252.

Visto o informe de fiscalización de data 02/07/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 21/07/2026, asinado polo xefe de Limpeza e polo técnico de administración xeral do servizo xurídico de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

No DOG nº 176 do 12 de setembro de 2025 publicouse a resolución de 5 de setembro de 2025, da Dirección Xeral de Sostibilidade e Cambio Climático, pola que se acorda dar publicidade á sinatura do 5º convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os Sistemas de Responsabilidade Ampliada do Produtor (SRAP) de envases domésticos de vidro de un só uso, de 6 de agosto de 2025.

O novo convenio marco foi asinado pola Conselleira de medio ambiente e polo responsable de ECOVIDRIO en representación dos sistemas colectivos de responsabilidade ampliada do produtor de residuos de envases de vidro de un so uso, co obxecto de establecer as condicións para a recollida separadas, xestión e reciclaxe de residuos de envases domésticos de vidro de un so uso no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Este Convenio marco non inclúe cláusula de adhesión automática polo que o Concello de Vigo debe acordar especificamente a súa adhesión se así o considera.

O Convenio Marco establece tres modalidades organizativas de conformidade co disposto no RD 1055/2022 para a xestión dos residuos de envases domésticos de vidro de un so uso:

- a) «SRAP organiza parcialmente e financia»



b) «SRAP organiza totalmente e financia»

c) «SRAP non organiza, só financia»

As condicións específicas da organización das operacións de xestión e as compensacións económicas que os SRAP deban aboarlles ás EELL en función da modalidade elixida por estas no momento da súa adhesión ao convenio detállanse no convenio.

En data 25 de febreiro do 2026 iniciouse o expediente par a adhesión do Concello de Vigo ao Convenio marco de envases de vidro de un so uso, e en data 20/07/2026 o responsable municipal do servizo de xestión de residuos, co conforme do Concelleiro delegado, emitiu informe no que conclúe que a adhesión ao 5º convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) de envases domésticos de vidro de un so uso, co modelo de adhesión o de “SRAP organiza parcialmente e financia – Entidade local recolle”, repercute positivamente no interese público xeral. A adhesión ao convenio marco é necesaria para a correcta xestión dos envases de vidro de un so uso de modo que poidan acadarse no Concello de Vigo os obxectivos de reciclaxe e recollida establecidos nos artigos 26.1 e 59.1 da Lei 7/2022, o 8 de abril de residuos e chans contaminados, establecendo as condicións económicas cos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor para a financiación da recollida na cidade.

As condicións económicas establecidas no Convenio producen un impacto positivo no Concello dado que o SRAP sufraga os custes da recollida dos residuos ingresando nas arcas municipais os importes que resultan dos cálculos que nel se establecen por cada tonelada de vidro recollido. Neste senso é polo que se afirma que a adhesión ao convenio mellora a eficacia da xestión pública na recollida dos residuos de vidro.

De acordo cos antecedentes e fundamentos expostos, considérase oportuna e de interese público municipal a adhesión ao 5º convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) de envases domésticos de vidro de un so uso, co modelo de adhesión o de “SRAP organiza parcialmente e financia – Entidade local recolle”, sendo o órgano competente para a aprobación a Xunta de Goberno Local en virtude da resolución da alcaldía sobre delegación de competencias.

NORMATIVA APLICABLE

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)

Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL)





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2133/1102

Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)

Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular

Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro, de envases e residuos de envases

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO-TÉCNICAS

PRIMEIRO.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e a Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, establecen que lles corresponde ás entidades locais a obrigaón de xestionar os residuos domésticos xerados nos fogares, comercios e servizos.

SEGUNDO.- A Lei 7/2022, do 8 de abril, establece no seu artigo 38.1 que o produtor do artigo cumprirá coas obrigaóns que se establezan nos réximes de responsabilidade ampliada do produtor de forma individual ou de forma colectiva, a través da constitución dos correspondentes sistemas de responsabilidade ampliada. E os artigos 44.1 da Lei 7/2022, e 21.1.c) do Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro, establecen que os sistemas colectivos de responsabilidade ampliada do produtor formalizarán convenios para financiar e, de ser o caso, organizar a xestión dos residuos de envases cando as administracións públicas interveñan na organización da xestión dos residuos.

TERCEIRO.- O Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os Sistemas de Responsabilidade Ampliada do Produtor de envases domésticos de vidro de un só uso ten por obxecto regular o marco de colaboración no que se desenvolverán as actividades de xestión deste residuo no marco xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de asegurar o cumprimento do esixido na Lei 7/2022, do 8 de abril, e no Real decreto 1055/2022, do 27 de decembro, así como nas demais normas legais que sexan de aplicación a este tipo de residuos. Igualmente, ten por obxecto acordar as condicións económicas que rexerán as relacións entre as partes.

CUARTO.- A modalidade de adhesión do concello de Vigo ao Convenio marco debe ser a de «SRAP organiza parcialmente e financia» tal como se xustifica na memoria asinada polo funcionario xefe do servizo de limpeza e residuos que consta no expediente.

QUINTO.- A adhesión produce un impacto positivo no Concello dado que o SRAP sufraga os custes da recollida dos residuos de vidro ingresando nas arcas municipais os importes que resultan dos cálculos que nel se establecen por cada tonelada de vidro recollido, polo que a adhesión ao convenio mellora a eficacia da xestión pública na recollida destes residuos.

SEXTO.- Por resolución da Alcaldía de data 20 de xuño de 2023 delegouse na Xunta de Goberno Local adopción dos acordos de adhesión aos convenios e acordos municipais que se precisen relativos a estes.



Non se require informe de fiscalización por parte da Intervención Municipal xa que o acordo non implica gasto (artigo 214.2 do TRLRFL e artigo 7 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local)

Polo anteriormente exposto, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Adhesión do Concello de Vigo ao 5º convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os Sistemas de Responsabilidade Ampliada do Produtor (SRAP) de envases domésticos de vidro de un só uso, de 6 de agosto de 2025.

SEGUNDO.- Establecer como modelo de adhesión o de “SRAP organiza parcialmente e financia – Entidade local recolle” asumindo as seguintes estipulacións:

1. Obxecto

Por medio deste acordo de adhesión, a entidade local adhírese ao convenio marco, asumindo integramente o seu contido e comprometéndose a cumprir con todas as obrigacións e condicións establecidas nel. Esta adhesión formalízase conforme a modalidade especificada na ficha de adhesión que se anexa a esta solicitude, a cal forma parte integrante do acordo.

2. Entrada en vigor e duración

(i) Este acordo de adhesión entrará en vigor o día da súa sinatura. As condicións previstas neste acordo de adhesión terán efecto retroactivo desde o 1 de xaneiro de 2024, sempre que se realice a adhesión a este nun prazo de tres meses desde a sinatura do convenio marco, de acordo co disposto na disposición transitoria terceira do Regulamento de envases.

(ii) O acordo de adhesión terá unha vixencia equivalente á do convenio marco, salvo que o primeiro se resolva anticipadamente.

3. Resolución do acordo de adhesión (i) Este acordo de adhesión poderá resolverse polas seguintes causas:

a) Polo transcurso da súa vixencia, de acordo co previsto na cláusula 9 do convenio marco.

b) Pola suspensión, a caducidade ou a revogación da autorización do SRAP como entidade xestora dun SCRAP de envases de vidro.

c) Polo incumprimento, por parte da entidade local, das obrigacións establecidas neste convenio de adhesión.

d) Por calquera das causas previstas na normativa aplicable.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2133/1102

(ii) *En caso de resolución anticipada do acordo de adhesión, aplicarase o previsto na cláusula 10.2 do convenio marco.*

4. *Natureza xurídica deste acordo de adhesión, lexislación aplicable e xurisdición*

(i) *Este acordo de adhesión ten natureza administrativa.*

(ii) *Este acordo de adhesión réxese polo disposto nas súas cláusulas e, na súa falta, polo previsto na Lei de residuos, o Regulamento de envases, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e a demais normativa aplicable.*

(iii) *Calquera controversia relativa á interpretación e execución deste acordo de adhesión dirimirase ante a xurisdición contencioso-administrativa.*

TERCEIRO.- Facultar ao Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, a formalización do acto de adhesión ao Convenio conforme ao modelo do Anexo 8 de dito convenio. Dito nomeamento alcanza a todos os efectos a conformación final do contido da documentación obrigatoria en relación á adhesión, así como a execución de todos os trámites administrativos necesarios que requira a presentación da mesma na ligazón que se inclúe nese anexo.

CUARTO.- Notificar a adhesión á Xunta de Galicia conforme ao indicado no anexo 8 do Convenio Marco.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(653).- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE REFORMA DA FACHADA DOS LOCAIS MUNICIPAIS SITOS NA RÚA ELDUAYEN (ENTRE A RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ E A PRAZA DE ARGÜELLES). EXPTE. 12968/307.

Sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 23/07/2026, que di o seguinte:

4. Apertura administrativa e das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor (procedementos abertos simplificados)

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de reforma da fachada dos locais municipais sitos na rúa Elduayen (entre a rúa Abeleira Menéndez e a praza de Argüelles) (12968-307) (declaración de deserto)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de reforma da fachada dos locais municipais sitos na rúa Elduayen (entre a rúa Abeleira Menéndez e a praza de Argüelles) (12968-307)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 26 de xuño de 2026 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, das obras do proxecto de reforma da fachada dos locais municipais sitos na rúa Elduayen (entre a rúa Abeleira Menéndez e a praza de Argüelles) (12968-307).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 30 de xuño de 2026, rematando o prazo de presentación de ofertas o 20 de xullo de 2026.

Terceiro.- Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 22 de xullo de 2026, non se presentou ningunha proposición para esta licitación.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 23 de xullo de 2026 acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a declaración de deserto deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 LCSP establece que non se poderá declarar deserta unha licitación existindo ofertas ou proposicións admisibles de acordo cos criterios establecidos nos pregos. A sensu contrario, a non existencia de proposicións admisibles leva á posibilidade de declaración de deserta da licitación.

Neste caso, non se presentaron proposicións, tal e como consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 22 de xullo de 2026, polo que procede declarar deserta a licitación.

Segundo.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1.g do Real decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2133/1102

Cuarto.- A declaración de deserto deberá publicarse no perfil do contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, tal e como dispón o artigo 63.3 da LCSP.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de reforma da fachada dos locais municipais sitos na rúa Elduayen (entre a rúa Abeleira Menéndez e a praza de Argüelles) (12968-307) por non terse presentado ningunha proposición.

Segundo.- Publicar este acordo no perfil de contratante en aplicación do establecido no artigo 63.3 da LCSP”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(654).- PROPOSTA PARA APROBACIÓN DO XIII PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA E DEMAIS ESPAZOS LIBRES QUE CONFORMAN A PAISAXE URBANA E AS SÚAS BASES. EXPTE. 13137/307.

Sómétese a aprobación o informe-proposta de data 24/07/2026, asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico e pola xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Por delegación do alcalde de 28/06/2024 das atribucións específicas nos/as diferentes concelleiros/as, a Primeira teniente de alcalde e concelleira delegada da área de goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade conta entre as súas competencias a de “a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución das actividades artístico-culturais do programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública e actuacións sobre os espazos libres que conforman a paisaxe histórica urbana”.

Neste marco, a concelleira delegada, por resolución do 21 de xullo de 2026, inicia expediente para desenvolver o XIII programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana e someter a aprobación da Xunta de Goberno Local tanto o programa como as súas bases.

O obxectivo principal desta actuación é acometer un conxunto de accións impulsadas dende Concello cara a mellorar a imaxe urbana da cidade e que o tratamento dos paramentos exteriores visibles dende a vía pública contribúa ao realce da paisaxe e do noso patrimonio. As edicións anteriores do programa desenvolvéronse nos anos 2015, 2016, 2017, 2018, 2019, 2020, 2021, 2022, 2023, 2024, 2025 e 2026, e contaron cunha importante participación cidadá e coa colaboración de institucións educativas e asociacións culturais.



O obxecto do DECIMOTERCEIRO programa é :

- tratar con carácter provisional a través de pintura ou murais decorativos as medianeiras das edificacións, isto é, aquelas superficies verticais que se sitúan sobre lindeiros da parcela que non reúnen a condición de aliñación oficial e son cegas, así como aqueles paramentos exteriores cegos visibles dende a vía pública, verticais ou horizontais tanto de titularidade pública como privada, en tanto non se cubren segundo normativa urbanística ou a propiedade decide derrubala en exercicio das competencias urbanísticas.
- embelecer, decorar, tratar con expresións artísticas os espazos libres de titularidade pública co fin de mellorar a paisaxe urbana.
- expoñer e ademais difundir a obra de artistas urbanos representantes do novo arte contemporáneo.
- coa colaboración dos colexios e institutos da cidade decorar aqueles paramentos exteriores cos debuxos do alumnado que un equipo de traballo especializado, seleccionado pola concellería, dirixirá o seu traslado aos muros do centro educativo.
- durante a execución do programa desenvolver en toda a cidade unha serie de actividades artístico-culturais: talleres de pintura na rúa, performances, actividades musicais, concursos de pintura mural, ou calquera outra manifestación artística con recursos plásticos, lingüísticos ou sonoros.
- que a cidadanía poida desfrutar libremente das expresións do arte contemporáneo.

O propósito da convocatoria é contribuír ao proceso de recuperación e revitalización do entorno urbano e da paisaxe urbana, a posta en valor do patrimonio da cidade, mellorar a calidade de vida tanto dos habitantes destas zonas coma do resto da cidadanía e dar a coñecer e valorar a obra dos artistas urbanos nas súas diversas disciplinas coma o postgraffiti, o pop surrealista, o cómic...

Nesta edición, continuadora das anteriores, desenvolveranse unha serie de actuacións consonte ó orzamento dispoñible e según tamaño dos espazos.

O programa estrutúrase en dúas fases: unha primeira de “actuacións preparatorias”, na que se seleccionarán os espazos, artistas e centros educativos, no seu caso, e outra segunda de execución dos murais i espazos libres, ou outras expresións artísticas. A concellería de Patrimonio Histórico, previo asesoramento técnico, cursará as invitacións aos artistas seleccionados que se formalizarán a través da correspondente contratación, debendo o seleccionado cumprir cos requisitos que a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público esixe para contratar coa administración. A contratación estenderase a aqueles medios auxiliares necesarios para desenvolver os traballos.

O orzamento estimado para o desenvolvemento do programa é de 480.000 euros, en base a edicións anteriores, que se farán efectivos con cargo á partidas orzamentarias correspondentes ao orzamento municipal do 2027.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2133/1102

O prazo de execución da actuación de arrombamento será determinado en cada contrato correspondente.

Na base novena prevense causas específicas de resolución do contrato.

Tamén se prevé a cesión ó Concello dos dereitos de explotación das obras contratadas.

En canto á primeira fase, o procedemento de selección ven determinado no propio programa e, en canto a súa execución, estarase ó disposto na normativa reguladora da contratación das corporacións locais, constituída pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público.

En todo caso non é de aplicación a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións e demais normativa reguladora das subvencións en canto o resultado da actividade de arrombamento da escena urbá por persoas suxeitas a dereito privado, non é de propiedade e utilización exclusiva do suxeito de dereito privado (artigo 2.3 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento de subvencións), senón que actuación conforma a paisaxe urbá, de propiedade colectiva.

O Concello é competente para desenvolver actuacións de rehabilitación da edificación, reforma interior dos barrios, mellora da súa habitabilidade, revitalización, recuperación e desenvolvemento en virtude das competencias que os artigos 25.2 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, atribúen ós municipios, en concreto a xestión e protección do patrimonio histórico e a promoción da cultura, así como o servizo de medio ambiente urbano.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local o seguinte:

1º.- APROBAR O DECIMOTERCEIRO PROGRAMA PARA ARROMBAR CON CARÁCTER PROVISIONAL MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA E DEMAIS ESPAZOS LIBRES QUE CONFORMAN A PAISAXE URBANA.

2º.- APROBAR AS BASES QUE REXERÁN O DECIMOTERCEIRO PROGRAMA PARA ARROMBAR CON CARÁCTER PROVISIONAL MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA E DEMAIS ESPAZOS LIBRES QUE CONFORMAN A PAISAXE URBANA, que son as que se transcriben de seguido:

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

XIII PROGRAMA para arrombar con carácter provisional medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana



INTRODUCCIÓN

Co obxecto de mellorar a imaxe urbana da cidade durante o ano 2015 desenvolveuse o primeiro Programa de tratamento de medianeiras e paredes vistas con pintura e murais decorativos; ademais tiveron lugar unha serie de actuacións artísticas complementarias (mapping, actividades musicais, concursos de pintura, actividades de danza urbana e outras de natureza similar).

Os artistas foron seleccionados segundo prevían as bases reitoras do programa, rexistrándose os datos dos interesados en participar, segundo solicitude recibida, e que achegaron a súa traxectoria profesional. Ademais o Programa contou cunha importante participación cidadá e coa colaboración de institucións educativas e asociacións culturais.

Dende o ano 2016 iniciouse unha liña de traballo de expresión artística aberto e plural, entendendo a cidade coma un lugar de disfrute e aberto á expresión artística, ofrecendo ao público un espectáculo único con diversidade de actuacións e exposicións efímeras. Coas intervencións do ano 2026 son xa máis de 150 as intervencións en espazos, entre medianeiras e muros, e ademais se consolida o carácter internacional do evento coa presenza de artistas consagrados da escena mundial.

Os criterios de selección dos espazos foron fixados polo Concello coa colaboración dunha comisión asesora: idoneidade da medianeira, muro ou espazo público, a súa localización, o seu grao de protección ou catalogación municipal e, por suposto, o interese da propiedade dos espazos escollidos que se manifestou previamente e por escrito ante o Concello. O procedemento efectuouse baixo os principios de participación pública, publicidade, concorrência e obxectividade.

O programa correspondente á XIII edición rexeráse polas seguintes

BASES

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do décimo terceiro programa de tratamento de medianeiras, outros espazos urbanos deteriorados e actuacións de dinamización dos espazos públicos é:

- tratar con carácter provisional a través de pintura ou murais decorativos as medianeiras das edificacións, isto é, aquelas superficies verticais que se sitúan sobre lindeiros da parcela que non reúnen a condición de aliñación oficial e son cegas, así como aqueles paramentos exteriores cegos visibles dende a vía pública, verticais ou horizontais tanto de titularidade pública como privada, en tanto non se cubren segundo normativa urbanística ou a propiedade decide derrubala en exercicio das competencias urbanísticas.
- embelecer, decorar, tratar con expresións artísticas os espazos libres de titularidade pública ou privada co fin de mellorar a paisaxe urbana.
- expoñer e ademais difundir a obra de artistas urbanos representantes do novo arte contemporáneo.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2133/1102

- coa colaboración dos centros de ensino da cidade, decorar aqueles paramentos exteriores cos debuxos do alumnado que un equipo de traballo especializado, seleccionado pola concellería, dirixirá o seu traslado aos muros do centro.
- durante a fase de execución dos murais desenvolver en toda a cidade unha serie de actividades artístico-culturais: talleres de pintura na rúa, performances, actividades musicais, concursos de pintura mural, ou calquera outra manifestación artística con recursos plásticos, lingüísticos ou sonoros.
- que a cidadanía poida desfrutar libremente das expresións do arte contemporáneo.

SEGUNDA.- FIN

A finalidade da convocatoria é contribuír ao proceso de recuperación e revitalización do entorno urbano e da paisaxe urbana, a posta en valor do patrimonio da cidade, mellorar a calidade de vida tanto dos habitantes destas zonas coma do resto da cidadanía e dar a coñecer e valorar a obra dos artistas urbanos nas súas diversas disciplinas coma o post graffiti, o pop surrealista, o comic e o muralismo, promoviendo o acceso de todos e todas á cultura.

Debe considerarse sempre o carácter provisional da intervención tanto pola propia definición de “medianeira” en relación coas previsións que o planeamento urbanístico abrangue para a parede a decorar, polo que poidera ser “tapada” a través de edificación, vexetación, incluso ser derrubada segundo calificación urbanística ou previsións da normas urbanísticas ou da ordenación do territorio, coma pola condición de efímera que caracteriza por definición esta disciplina, sen perxuízo do compromiso da propiedade á non destrución da obra durante un tempo, habida contra da inversión a realizar polo Concello de Vigo no espazo seleccionado .

TERCEIRA.- ÁMBITO

Neste decimoterceiro programa, continuador dos celebrados nos anos anteriores, desenvolveranse unha serie de actuacións consonte ao orzamento dispoñible.

O Concello resérvase o dereito de modificar os lugares elixidos para as actuacións se as necesidades de tramitación así o aconsellan.

Para a salvagarda do interese público, non será causa de modificación do contrato o cambio de espazo ou artista seleccionados ao longo do desenvolvemento do programa (incluso durante a tramitación do procedemento de contratación das obras) nas seguintes circunstancias:

- 1.- Que non implique alteración nas previsións económicas iniciais.
- 2.- Que non se trate dunha modificación substancial.

Nestes supostos deberase aportar ao expediente únicamente, e segundo o caso, o consentimento expreso do/a artista que renuncia, ou desistimento expreso da propiedade que renuncia e a aceptación expresa da propiedade do novo espazo seleccionado.



A comisión de selección ou a concelleira de Patrimonio histórico por invitación, serán quen de decidir o novo artista ou o novo espazo.

CUARTA.- PROGRAMA DA ACTUACIÓN

O programa estrutúrase en dúas fases:

Fase 1.- Actuacións preparatorias

1.1 Subfase de propostas dos espazos a tratar, colexios e institutos oficiais interesados no programa, artistas participantes.

- As bases aprobadas publicaranse no Boletín Oficial da Provincia; unha vez publicadas, mediante anuncio na páxina web do Concello, www.vigo.org, e prensa local, abrirase un prazo de 10 días naturais, contados dende o día seguinte da súa publicación na prensa, para que a propiedade dos espazos, asociacións veciñais, culturais, sociais e, en xeral, calquera interesado poida formular propostas de espazos a tratar.

- Cando as propostas veñan subscritas pola propiedade dos inmobles deberán xuntar autorización da comunidade da propiedade que se inclúe como ANEXO I.

- A cesión dos espazos de propiedade privada para o Programa supón o compromiso por parte desta de manter a obra artística polo menos durante o prazo de garantía do tratamento de protección da pintura (verniz), aproximadamente seis anos, sen que a propiedade poida iniciar accións destinadas á desaparición da mesma, agás as circunstancias reflectidas na base segunda; non obstante, a comunidade de propietarios ou a propiedade poderá realizar as reparacións necesarias por causas de salubridade (humidades) ou de seguridade, aínda que supoña a desaparición da obra. Nesta circunstancia comunicará xustificadamente ao departamento de Patrimonio histórico a necesidade de executar as accións que supoñan a afección ao debuxo executado, para os efectos de toma en consideración por esta.

- Durante o mesmo prazo de 10 días as institucións educativas interesadas en participar no programa, colexios e institutos, achegarán solicitude de participación que se relaciona como ANEXO II. A súa actuación axustarase ao espazo a tratar do propio centro educativo.

- Os/as artistas, ou grupos de artistas, relacionados coa creación artística contemporánea interesados en participar no Programa poderán achegar durante o prazo de dez días xustificación da súa traxectoria profesional, que será considerada pola comisión técnica encargada de propor á concellería as invitacións oportunas para executar os traballos de decoración.

Como queira que ao longo de cada exercicio anual, e habida conta da consolidación e carácter internacional do programa, se reciben peticións de participación de artistas, a comisión pode valorar as solicitudes que se presentan durante todo este tempo, con independencia do prazo de chamada á participación pública.

- As propostas irán dirixidas á concellería de Patrimonio Histórico a través da dirección de correo electrónico ofi.ph@vigo.org

1.2 Subfase de selección dos espazos a tratar, centros de ensino interesados no programa e artistas participantes.





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2133/1102

1.2.1 Selección dos espazos

Unha comisión técnica, previo estudio da viabilidade das localizacións, propondrá á concellería os espazos a renovar de acordo cos seguintes criterios:

- que a medianeira, espazo horizontal, ou muro visibles dende o espazo público estea en axeitadas condicións de seguridade estrutural e estanquidade.
 - viabilidade técnica dos traballos.
 - interese espacial e urbano.
 - existencia de elementos descontextualizados como cables, caixas de servizos, etc.
 - medianeiras con gran impacto visual no conxunto do núcleo.
 - interese arquitectónico da edificación e proximidade a edificacións de interese.
 - constancia de servidumes que afecten ás medianeiras ou ao seu mantemento.
 - ambiente urbano degradado.
 - patios degradados de uso público das edificacións.
- A comisión será nomeada pola concellería de Patrimonio histórico e nela estarán representadas asociacións culturais da cidade, expertos en arte urbano e técnicos municipais especializados na conservación do patrimonio histórico.
- O réxime xurídico da comisión axustarase ás normas contidas na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, sen prexuízo das peculiaridades organizativas da administración local da que depende, o Concello de Vigo.
- A comisión poderá resolver calquera dúbida, imprevisto ou interpretación que se deriven das presentes bases.
- Á vista da proposta de selección, técnicos designados pola concellería emitirán informe acompañado de detallado reportaxe fotográfico, no que se describa o estado da medianeira en canto a súa seguridade, conservación, impermeabilidade e demais consideracións técnicas a ter en conta con carácter previo á intervención e que formará parte do proxecto que no seu caso autorice a Xunta de Goberno Local.
- As posibles propostas non seleccionadas pasarán a formar parte dun rexistro para, no seu caso, vindeiras edicións.

1.2.2 Selección de artistas

Os/as artistas seleccionaranse por invitación, baixo dúas modalidades:



- Aqueles artistas urbanos de recoñecido prestixio serán, no seu caso, invitados pola concellería de Patrimonio histórico.
- Artistas propostos á concellería pola comisión técnica, a cal, previo exame da súa traxectoria profesional, formulará a correspondente proposta de invitación. Para a selección dos artistas considerarase o rexistro creado na concellería de Patrimonio Histórico coas solicitudes de participación.
- A persoa gañadora do concurso Batalla Mural celebrado no marco da XII edición do programa de medianeiras, segundo as bases reguladoras da convocatoria da actividade (o primeiro premio consistira na participación como artista na seguinte edición do programa de medianeiras).

1.2.3 Selección dos colexios ou institutos

A comisión técnica proporá á concellería de Patrimonio Histórico os centros educativos nos que se actuará, tendo en conta os que se teñan interesado en participar nesta edición; aqueles que participaron en edicións anteriores, agás excepción xustificada, quedarán excluídos da selección para a actual.

1.2.4 Características dos bosquejos/expresións artísticas

A concellería de Patrimonio histórico requirirá a cada artista un bosquexo a representar na medianeira seleccionada pola Comisión, con respecto en todo caso á creatividade do artista e á normativa urbanística.

Aínda que a temática será libre, fíxanse os seguintes criterios:

- nas zonas históricas priorizaranse os murais identitarios que relaten tanto a historia da cidade, as súas actividades, fontes de riqueza e aqueles aspectos que identifiquen á cidade, considerando sempre a normativa urbanística de aplicación, polo que as cores a empregar serán as autorizadas no planeamento correspondente ou segundo estudio de cores predominante nestas zonas.
- o resultado final no contexto do espazo a decorar.
- dificultades de mantemento.
- axuste ao presuposto máximo.
- prohibese a representación de temáticas que constitúan apoloxía da violencia, obras de contido racista, sexista, xenófobo, obsceno ou calquera outro que atente contra a dignidade das persoas.

En relación coas propostas dos centros de ensino:

A dirección destes elixirá os cursos para que o alumnado realice un debuxo de temática libre. Un equipo de traballo especializado dirixirá os traballos de traslado dos debuxos aos muros do centro.

Fase 2.- Execución dos murais/proxectos artísticos





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2133/1102

As invitacións para executar os tratamentos efímeros dos espazos con pintura, murais e demais expresións artísticas, formalizaranse a través da correspondente contratación, **na que se incluírá a aceptación destas bases reguladoras.**

O programa para intervir provisionalmente baixo as condicións urbanísticas os espazos, sexan muros, medianeiras ou solos, incluso as actuacións nas paredes dos colexios, abrangue a súa decoración sen que se poida estender á reparación dos muros, medianeiras ou calesqueira espazos danados.

O/a autor ou autores da pintura mural será a mesma persoa ou grupo de persoas que elaborou o bosquejo ou proxecto aprobado; os/as seleccionados deberán cumprir cos requisitos que a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público esixe para contratar coa administración e executar os traballos con absoluto respecto ás medidas de seguridade laboral e de ocupación, no seu caso, da vía pública e nas debidas condicións de seguridade, e no prazo que sinala a concellería.

A contratación estenderase a aqueles medios auxiliares necesarios para desenvolver os traballos: pinturas, andamios, escaleiras ... debendo a adxudicataria dos traballos de preparación da medianeira ou espazo libre dispor dun seguro de responsabilidade dos danos que se poidan causar a persoas ou bens.

QUINTA. - DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL

Os dereitos de explotación das obras contratadas serán cedidos ao Concello de Vigo, incluíndo os dereitos de reprodución, difusión e exhibición públicas, quen poderá facer uso deles en calquera das modalidades previstas no texto refundido da propiedade intelectual e sen outros límites que os establecidos nesta e noutras normas que resulten de aplicación. En ningún caso o Concello de Vigo esixirá nin obterá contraprestación económica no caso de uso propio ou cesión dos ditos dereitos a terceiros.

O prezo do contrato será o pago único pola cesión dos dereitos de propiedade intelectual, sen que proceda liquidación algunha pola posterior utilización dos dereitos cedidos.

As cesións dos dereitos de propiedade intelectual non terán o carácter de exclusivas, de xeito que o artista poder facer uso destes, sempre que non se prexudiquen os dereitos do Concello. De se realizar esta explotación o artista deberá mencionar a contratación por parte do Concello de Vigo dentro deste programa.

En todo caso debe considerarse o carácter temporal das pinturas segundo normativa urbanística de aplicación de forma que, cando se constrúa ou derrube a edificación que soporta a pintura, ou se produzan deterioros asociados ao paso do tempo, non haberá lugar a indemnización algunha ao/á autor da mesma.

SEXTA. - DOCUMENTACIÓN

Fase 1.- Actuacións preparatorias

- Selección de espazos



A propiedade, asociacións veciñais, culturais, sociais, sociedades e en xeral calquera interesado pode formular propostas de espazos a tratar, sempre que sexan visibles dende as zonas públicas, e deberán achegar:

- emprazamento do espazo.
- fotografía actual.
- dimensións aproximadas.
- datos da propiedade.
- no caso de cesións de paredes de propiedade privada, autorización desta segundo ANEXO I.

- Selección de artistas

Os artistas interesados en participar achegarán :

- xustificación da súa traxectoria profesional.
- fotocopia do DNI (pasaporte do participante e, no seu caso, de cada un dos compoñentes do grupo).
- Os artistas seleccionados deberán achegar, a requerimento do Concello de Vigo, toda a documentación necesaria para formalizar un contrato coa administración pública nas datas que se sinalen ao efecto.

SÉTIMA.- OBRIGAS DOS PARTICIPANTES

Sétima.1 DOS ARTISTAS SELECCIONADOS

- Dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento da obra.
- Realizar a obra consonte ó bosquexo ou proxecto aprobado.
- Responder da autenticidade da obra, baixo a persoal responsabilidade da persoa que realice o bosquexo.
- Dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que cubra os posibles danos que se poidan causar a persoas e bens durante a execución da obras.
- Executar a obra coas medidas de seguridad obrigatorias
- Presentar ao Concello de Vigo toda a documentación requirida por este para a formalización do contrato en tempo e forma.

Sétima.2 DA PROPIEDAD DOS ELEMENTOS A DECORAR

Asumir o compromiso para garantir no futuro o mantemento da pintura, da aparencia do edificio nunhas axeitadas condicións estéticas consonte coas obras executadas, polo menos durante o prazo de garantía do tratamento de protección da pintura (verniz), aproximadamente seis anos; non obstante, a comunidade poderá realizar as reparacións necesarias por causas de salubridade (humidades) ou de seguridade nos termos indicados na base cuarta.

Sétima.3 DA CONTRATISTA DOS TRABALLOS DE PREPARACIÓN DA MEDIANEIRA OU ESPAZO LIBRE

Segundo expediente de contratación das obras que se tramite ao efecto.

OITAVA.- FINANCIAMENTO





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2133/1102

A cantidade destinada a este XIII programa de tratamento de medianeiras, outros espazos urbanos deteriorados e outras actuacións de dinamización dos espazos públicos estímase en 480.000 euros, en base a edicións anteriores, que se farán efectivos con cargo á partidas orzamentarias correspondentes ao orzamento municipal do 2027.

NOVENA.- HONORARIOS DOS ARTISTAS

Os honorarios dos/as artistas virán determinados pola concellería de Patrimonio Histórico segundo a lexislación contractual, atendendo ás seguintes variables: a) a tipoloxía do espazo (muros, espazos horizontais ou medianeiras), b) a superficie total do espazo e c) a proxección/valoración do/a artista

DÉCIMA.- RÉXIME SANCIONADOR

Será causa específica de resolución do contrato co artista a actitude violenta ou falta de respecto dos artistas aos demais participantes ou asistentes. A rescisión poderá implicar a prohibición de participar en futuros programas durante un tempo que se determinará en función das circunstancias que concorran.

Será tamén motivos para a resolución:

- a. A realización de pinturas fora dos espazos designados polo Concello para este evento.
- b. A alteración das obras doutros participantes.
- c. O plaxio das obras doutros artistas.
- d. A non correspondencia das obras co seu bosquejo ou proxecto orixinal.

DÉCIMO PRIMEIRA.-

As actuacións serán gravadas e/ou fotografiadas e poderán ser reproducidas e /ou expostas polo Concello.

O/a artista seleccionado e contratado polo Concello, autoriza a reprodución e difusión das mencionadas imáxenes, ou partes das mesmas, para a promoción e difusión do programa Vigo Cidade de Cor e en xeral da actividade pública do Concello.

O Concello de Vigo poderá reproducir e difundir as imáxenes, ou partes das mesmas, utilizando tódolos medios técnicos e soportes coñecidos na actualidade, particularmente, os soportes escritos, audiovisuais i electrónicos, coas salvedades e limitacións de utilizacións que poidan atentar ao dereito á honra nos termos previstos na Ley Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade personal e familiar e á propia imaxe.

DISPOSICIÓN FINAL

A participación no programa supón a aceptación das bases e estas formarán parte dos contratos que se deriven do mesmo.



CONCELLERÍA
DE PATRIMONIO
HISTÓRICO

CONCELLO DE VIGO



ANEXO I: AUTORIZACIÓN DA PROPIEDAD DA PAREDE

D.
no seu propio nome/en representación da comunidade de propietarios do inmovible sito
en
con DNI/pasaporte núm..... e enderezo electrónico a efectos de
notificacións (no caso de
representación da comunidade da propiedade, acompañarase **copia do nomeamento**)

autorizo ao Concello de Vigo para decorar con pintura, a través do *XII PROGRAMA para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana*, a parede/medianeira da súa propiedade, tal e como se recolle no acordo da xunta xeral da propiedade de data, do que se achega un exemplar. Ademais, a propiedade do inmovible sinalado ACEPTA o traballo artístico plasmado no espazo que se autorizou ao efecto e se compromete a impedir a súa eliminación por calquera membro da comunidade da propiedade polo menos durante o prazo de garantía do tratamento de protección da pintura (verniz), aproximadamente seis anos; de producirse esta situación, asume o compromiso de comunicarlle inmediatamente ao Concello de Vigo ou á persoa que ostente a súa representación, quen exercerá as accións oportunas; non obstante, a comunidade de propietarios ou a propiedade poderá realizar as reparacións necesarias por causas de salubridade (humidades) ou de seguridade, aínda que supoña a desaparición da obra. Nesta circunstancia comunicará xustificadamente ao





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2133/1102

departamento de Patrimonio histórico a necesidade de executar as accións que supoñan a afección ao debuxo executado, para os efectos de toma en consideración por esta; así mesmo, a propiedade manifesta que coñece as bases desta convocatoria e presta a súa conformidade ás mesmas.

O que asino en Vigo, o de de 20...

Sinatura

Concellería de Patrimonio Histórico



CONCELLERÍA
DE
PATRIMONIO
HISTÓRICO

CONCELLO DE VIGO



ANEXO II: SOLICITUDE DE CENTROS EDUCATIVOS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA (COLEXIOS E INSTITUTOS)

O centro educativo, colexio / instituto.....

actuando na súa representación,
don/dona..... (especificar o
cargo),

con DNI/pasaporte núm....., e con enderezo de correo electrónico a efectos de
notificacións

solicito participación do citado centro no *XII PROGRAMA para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana*; así mesmo, o centro educativo manifesta que coñece as bases desta convocatoria e presta a súa conformidade ás mesmas.

En Vigo, o de de 20.....

Selo e sinatura

Concellería de Patrimonio Histórico





CONCELLO DE VIGO

Expte. 2133/1102

**CONCELLERÍA
DE
PATRIMONIO
HISTÓRICO**

CONCELLO DE VIGO



ANEXO III: DOCUMENTO DE AUTORIZACIÓN E COMPROMISO

D/Dña.....

con DNI....., en nome propio e/ou representación (que acredito en documento anexo) do meu grupo, integrado por:

....., con DNI/NIF

....., con DNI/NIF

....., con DNI/NIF

·
·

autorizo ao Concello de Vigo para a publicación, reprodución ou distribución, total ou parcial, da obra seleccionada no *XII PROGRAMA para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana*, con renuncia expresa a calquera tipo de reclamación que poida derivarse e nos termos esixidos no Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

En Vigo, ode de 20.....

Sinatura

Concellería de Patrimonio Histórico



10(655).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo intervencións neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez

